



CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS DE NADAL

O Concello de Vimianzo convoca o IX Concurso Infantil de Postais de Nadal, que se rexerá polas seguintes **BASES**:

- 1-Poderán participar todos os nenos e nenas de Educación Infantil e Educación Primaria.
- 2- O tema dos debuxos será **“Vive o Nadal en Vimianzo 2020”**
- 3-A técnica será libre exceptuando as purpurinas, algodóns e as tintas metálicas que non serán admitidas.
- 4- As dimensións máximas do soporte serán 210 x297 mm (A4). O formato da imaxe será libre sempre e cando estea contido dentro do **formato A4 e por unha soa cara.**
- 5- Non se admitirán os traballos que veñan pregados.
- 6- No reverso da obra indícarase: título do traballo, nome e apelidos do autor ou autora, idade, curso e nome do Centro escolar.
- 7- Non se admitirán traballos que veñan sen asinar ou os que acheguen os datos noutro lugar diferente ao especificado na cláusula anterior.
- 8- Establécense catro categorías:

Categoría A: nenos e nenas de 4^o, 5^o e 6^o Educación Infantil

Categoría B: nenos e nenas de 1^o e 2^o Educación Primaria

Categoría C: nenos e nenas de 3^o e 4^o Educación Primaria

Categoría D: nenos e nenas de 5^o e 6^o Educación Primaria

- 9-Estableceranse **dous premios en cada categoría** consistentes en material didáctico ou libros de lectura.
- 10-**Os traballos serán entregados na Casa da Cultura de Vimianzo de luns a venres de 10:00 h. a 20:00 h. e os sábados de 10 a 13:00 horas.**
- 11-Entre os debuxos premiados o Concello seleccionará a postal de Nadal que se utilizará para o cartel do Nadal de 2021.
- 12-O fallo do xurado darase a coñecer o 23 de decembro e a entrega de premios realizarase ese mesmo día nun acto público na Casa da Cultura.
- 13- Todos os debuxos presentados serán expostos na Sala de Exposicións Antón Mouzo da Casa da Cultura.
- 14- **O prazo de presentación de traballos ábrese o 30 de novembro e remata o 17 de decembro de 2020.**
- 15- O xurado será designado pola Alcaldía e o seu fallo será inapelable.
- 16-A participación no concurso supón a aceptación das presente bases.
info: www.vimianzo.gal

Vimianzo, 26 de novembro de 2020